



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 e-mail: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

EXERCICIO TIPO TEST DE OPOSICIÓN PERSOAL LABORAL TEMPORAL 1 TRABALLADOR/A SOCIAL

| | | |
|-----------------------------|---|------------------|
| 1.- Cuestións teóricas | : | 20 preguntas. |
| 3.- Valor pregunta teórica | : | 1 punto |
| 4.- Puntuación exercicio | : | de 0 a 30 puntos |
| 5.- Puntuación mínima | : | 15 puntos |
| 6.- Tempo realización exame | : | 50 minutos |

1.- Segundo o Decreto 99/2012 polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seo financiamento, cal é o intervalo de horas de atención mensual que se lle asigna a unha persoa con grao II?

a) Entre 30 e 45 horas mensuais.

b) Entre 46 e 70 horas mensuais.

c) Entre 71 e 90 horas mensuais.

2.- De acordo coa Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, con cal das seguintes prestacións ou servizos é compatible con carácter xeral o Servizo de Axuda no Fogar (SAF)?:

a) Teleasistencia.

b) Atención residencial permanente.

c) Centro de día a tempo completo.

3.- Cales son as prestacións que atende o servizo de axuda no fogar?:

a) Atención persoal e limpeza no fogar.

b) Atención persoal, tarefas domésticas e apoio á persoa cuidadora.

c) Tarefas persoais, tarefas domésticas e tarefas de coidado.

4.- Segundo o regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Santa Comba:

a) O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarao o persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual.

b) O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarao o persoal coordinador, sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter trimestral.

c) O seguimento do servizo farase unicamente cando as circunstancias do caso o fagan necesario.

5.- Segundo a ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Santa Comba, son causas de extinción do servizo:

- a) **Renuncia da persoa usuaria.**
- b) Traslado definitivo da súa residencia dentro do propio concello.
- c) Enfermidade grave.

6.- Segundo a Lei 13/2008, de Servizos Sociais de Galicia, a prestación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) configurarase como unha competencia propia de:

- a) Deputacións provinciais.
- b) **Concellos.**
- c) Consellería de Política Social da Xunta de Galicia.

7.- Segundo o Decreto 99/2012, no regulamento sobre a dotación de persoal para o Servizo de Axuda no Fogar, cal é a ratio orientativa de persoal de coordinación (Traballador/a Social) respecto ao número de persoas usuarias ou persoal auxiliar?:

- a) Un coordinador por cada 15 auxiliares.
- b) A normativa non esixe ningún tipo de ratio.
- c) **Establécese en proporción ás horas de servizo prestadas, determinando módulos para o financiamento da coordinación.**

8.- No procedemento de valoración da situación de dependencia en Galicia, cando se avalía a nenos e nenas menores de 3 anos, que instrumento ou escala se utiliza especificamente para determinar o grao de dependencia?

- a) A escala de Lawton e Brody.
- b) A escala de Barthel.
- c) **A escala de valoración específica (EVE).**

9.- A proposta do Programa Individual de Atención será emitida:

- a) Pola xefatura territorial.
- b) **Polo órgano de valoración e asesoramento da dependencia.**
- c) Pola valoradora do grao de dependencia.

10.- Na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, os beneficiarios das prestacións de dependencia participarán no financiamento das mesmas segundo:

- a) O custo do servizo e a súa capacidade persoal.
- b) O tipo de servizo.
- c) **O tipo e custo do servizo e a súa capacidade persoal.**

11.- Segundo a normativa da Lei da Dependencia (Lei 39/2006) e o seu desenvolvemento, cal é o criterio fundamental para determinar a capacidade económica e a participación da persoa usuaria (copagamento) no custo do Servizo de Axuda no Fogar?:

a) Ingresos salariais da unidade de convivencia.

b) **A renda e, se é o caso, o patrimonio da persoa beneficiaria, calculados segundo criterios legalmente establecidos.**

c) O custo total do servizo fixado polo concello, sen ter en conta a situación da persoa usuaria.

12.- En Galicia, o Decreto 99/2012 que regula o SAF establece as titulacións ou certificados que debe posuír o persoal auxiliar de axuda no fogar. Cal das seguintes formacións é, con carácter xeral, a esixida oficialmente para o exercicio destas funcións?

a) Título de técnico en coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE) exclusivamente.

b) **Certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio ou outras titulacións equivalentes.**

c) Non se esixe ningunha titulación oficial, só experiencia no ámbito doméstico.

13.- Durante la prestación do SAF, a Traballadora Social coordinadora observa que as necesidades dunha persoa usuaria aumentaron considerablemente, precisando máis horas das inicialmente recoñecidas no seu PIA. Que procedemento debe seguir a coordinadora?

a) **Propoñer aos Servizos Sociais Comunitarios a tramitación dunha revisión do Programa Individual de Atención (PIA) por modificación das circunstancias.**

b) Asignar as horas adicionais directamente, xa que ten potestade para facelo no día a día.

c) Solicitar ao persoal auxiliar que prolongue a súa xornada no domicilio sen comunicalo.

14.- En relación co devengo das prestacións económicas ou o inicio dos servizos do sistema para a autonomía e atención á dependencia, cal é o prazo máximo legal establecido para a resolución do PIA e o inicio do servizo, unha vez presentada a solicitude, a partir da cal se devengarán os efectos retroactivos?:

a) 3 meses.

b) 9 meses.

c) **6 meses.**

15.- Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, os Servizos Sociais especializados:

a) **Están referenciados a un sector de poboación ou a unha necesidade determinada que demandan unha maior especialización técnica, unha especial intensidade na intervención ou unha base territorial de intervención de carácter supramunicipal.**

b) Configúranse como servizos de carácter integrador e de atención integral de persoas.

c) Teñen carácter polivalente.

16.- Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, son deberes das persoas usuarias dos Servizos Sociais, entre outros:

a) Utilizar o sistema de Servizos Sociais en condicións de igualdade e sen discriminación.

b) **Destinar as prestacións recibidas á finalidade para a que foron concedidas.**

c) Intervención individualizada acorde coas súas necesidades específicas.

17.- A Orde do 1 de abril de 2013 aproba o modelo de informe social unificado que se utilizará en:

a) **Todos os procedementos na área de dependencia, discapacidade e promoción da autonomía persoal.**

b) Todos os procedementos na área de inclusión social (AIS) e renda de inclusión social de Galicia (RISGA).

c) Calquera procedemento relativo á xestión dos programas, servizos e prestacións da área de inclusión social.

18.- De acordo coa lexislación vixente, cal das seguintes opcións describe correctamente un grao de discapacidade segundo a porcentaxe recoñecida?

a) Grao I: Igual ou superior ao 25% e inferior ao 33%.

b) Grao II: Igual ou superior ao 50% e inferior ao 65%.

c) **Grao III: Igual ou superior ao 75%.**

19.- A tarxeta acreditativa do grao de discapacidade expedida pola Xunta de Galicia é un documento oficial moi útil para as persoas titulares. Cal das seguintes afirmacións sobre esta tarxeta é INCORRECTA?:

a) Facilita o acceso a vantaxes no ámbito da cultura, o transporte ou o comercio.

b) **Só ten validez dentro do territorio de Galicia.**

c) O seu uso é persoal e intransferible e debe ir acompañada do DNI.

20.- O Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) é un sistema informático que:

a) Contempla a protección de datos de carácter persoal informatizados, de forma que soamente o Servizo Social Especializado da Comunidade Autónoma teña a posibilidade de xerar e acceder aos datos individuais da persoa usuaria, protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

b) Contempla a protección de datos de carácter persoal informatizados, de forma que soamente o Ministerio competente en materia de Asuntos Sociais teña a posibilidade de xerar e acceder aos datos individuais...

c) **Contempla a protección de datos de carácter persoal informatizados, de forma que soamente o Servizo Social de Atención Primaria teña a posibilidade de xerar e acceder aos datos individuais da persoa usuaria, protexidos pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.**

21.- No caso de que non exista tutor testamentario do Rei menor, quen será tutor do mesmo?

a) O pai ou nai en calquera caso

b) As persoas nomeadas polas Cortes Xerais en calquera caso

c) **O pai ou nai mentras permanezan viúvos**

22.-Quen exerce o poder executivo segundo a Constitución Española?

a) As cámaras

b) O Rei

c) **O Goberno**

23.- Con carácter xeral, os actos administrativos producirán efectos:

a) Desde a data en que se ditén, salvo que neles se dispoña outra cousa

b) Unicamente despois de seren publicados no BOE ou no DOG

c) Desde que a persoa interesada presente un recurso

24.- En que casos se pode obrigar a un cidadán a declarar sobre a súa ideoloxía?

a) No caso de cidadáns extranxeiros

b) En ningún caso

c) En casos de risco grave para a seguridade cidadá

25.- NO ámbito municipal, quen é o competente para dirixir o goberno e a administración?

a) O Alcalde

b) O xuíz de paz do municipio

c) O xefe da Policía Local

26.- A sede do Parlamento en Galicia está en:

a) Coruña

b) Santiago

c) Santa Comba

27.- Cal é a parroquia con maior superficie territorial do Concello de Santa Comba?

a) Castriz

b) Freixeiro

c) Santa Sabina

28.- Que institución exerce o poder lexislativo do Estado?

a) O Goberno

b) As Cortes Xerais

c) O Tribunal Constitucional

29.- Cal dos seguintes grupos forma parte do persoal ao servizo das corporacións locais?

a) Persoal funcionario, persoal laboral e persoal eventual

b) Unicamente persoal funcionario

c) Persoal funcionario e persoal militar

30.- Cal é o obxecto principal da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes?

a) Regular exclusivamente os dereitos laborais das mulleres

b) Facer efectivo o dereito de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e eliminar a discriminación por razón de sexo

c) Establecer un sistema de cuotas obrigatorias en todas as empresas privadas

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- No servizo de axuda no fogar deste concello, cal é unha das causas de suspensión temporal na modalidade de dependencia?:

a) Ausencia temporal do domicilio por un máximo dun mes.

b) Ausencia temporal do domicilio por un máximo de dous meses.

c) Ausencia temporal do domicilio por un máximo de tres meses.

2.- Segundo recolle a Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia no seu artigo 8, o sistema galego de Servizos Sociais estrutúrase de acordo con que niveis de actuación?:

a) Servizos Sociais comunitarios.

b) Servizos Sociais específicos.

c) Servizos Sociais comunitarios e servizos Sociais especializados.

3.- Cal é a Lei de Prevención de Riscos Laborais?:

a) Lei 31/2000, do 8 de novembro.

b) Lei 31/1995, do 8 de novembro.

c) Lei 31/1995, do 8 de decembro.